

**REGULAMENTO DE PATRIMONIO  
DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Aprobado polo Consello de Goberno o 19/06/17 e o Consello Social o 29/06/17

## INDICE

### **Título preliminar. Disposicións xerais.**

Capítulo I. Obxecto, ámbito de aplicación e normativa aplicable.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Artigo 2. Normativa aplicable.

Capítulo II. Bens e dereitos da universidade.

Artigo 3. Concepto de patrimonio.

Artigo 4. Composición do patrimonio.

Artigo 5. Bens e dereitos de dominio público ou demaniais.

Artigo 6. Bens e dereitos de dominio privado ou patrimoniais

Artigo 7. Exencións tributarias.

### **Título I. Bens e dereitos de dominio público.**

Capítulo I. Características.

Artigo 8. Principios relativos aos bens e dereitos de dominio público.

Artigo 9. Inscripción en Rexistros públicos.

Capítulo II. Afectación e desafectación.

Artigo 10. Afectación de bens e dereitos.

Artigo 11. Desafectación de bens e dereitos.

Artigo 12. Mutacións demaniais.

Capítulo III. Utilización e aproveitamento de bens demaniais.

Artigo 13. Uso privativo dos bens de dominio público da UVigo.

Artigo 14. Autorizacións demaniais.

Artigo 15. Procedemento de autorización demanial

Artigo 16. Concesións demaniais

Artigo 17. Extinción das autorizacións e concesións demaniais

### **Título II. Bens e dereitos de dominio privado ou patrimoniais.**

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 18. Principios relativos aos bens e dereitos de dominio privado.

Artigo 19. Inscripción en rexistros públicos.

Artigo 20. Actos de disposición dos bens patrimoniais.

Capítulo II. Adquisición de bens patrimoniais.

Artigo 21. Formas de adquisición.

*Sección 1ª. Adquisición de bens inmobles patrimoniais.*

Artigo 22. Adquisición a título oneroso.

Artigo 23. Adquisición a título lucrativo.

Artigo 24. Adquisición por expropiación forzosa realizada por outros entes públicos.

*Sección 2ª. Adquisición de bens mobles patrimoniais.*

Artigo 25. Adquisición de bens mobles patrimoniais.

Capítulo III. Arrendamentos de bens inmobles patrimoniais.

Artigo 26. Arrendamentos de bens inmobles.

Capítulo IV. Explotación de bens e dereitos patrimoniais.

Artigo 27. Formas de explotación dos bens e dereitos patrimoniais.

Artigo 28. Contratos de explotación de bens ou dereitos patrimoniais.

Artigo 29. Administración e explotación das marcas institucionais da UVigo.

Capítulo V. Alleamento de bens patrimoniais.

*Sección 1ª. Alleamento de bens inmobles ou dereitos reais.*

Artigo 30. Depuración previa da situación física e xurídica.

Artigo 31. Formas de alleamento.

Artigo 32. Procedemento.

*Sección 2ª. Alleamento de bens mobles patrimoniais.*

Artigo 33. Alleamento de bens mobles patrimoniais.

*Sección 3ª. Permuta e cesión de bens e dereitos.*

Artigo 34. Permuta de bens e dereitos.

Artigo 35. Cesión gratuíta de bens mobles patrimoniais.

## **Título III. Protección e defensa do patrimonio da Universidade de Vigo.**

Capítulo I. Obriga de protexer e defender o patrimonio

Artigo 36. Obriga de protección e defensa.

Artigo 37. Responsabilidade sobre os bens.

Artigo 38. Defensa do Patrimonio.

Artigo 39. Exercicio das prerrogativas para a defensa.

Artigo 40. Embargos e execucións contra o Patrimonio da Universidade.

Artigo 41. Aseguramento.

Disposición adicional.

Disposición final. Entrada en vigor

## PREÁMBULO

Os actuais Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados mediante o Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro (Diario Oficial de Galicia do 2 de febreiro de 2010), o seu patrimonio está constituído polos bens mobles e inmobles, títulos, capitais, ou calquera outros bens, dereitos e accións que lle poidan corresponder. A tal efecto, deberá ter garantidos os recursos necesarios para un funcionamento básico de calidade.

A “Recomendación Rec (2005) 13 do Comité de Ministros aos Estados membros sobre a gobernanza e a xestión do patrimonio universitario” do Consello Europeo, recolle que:

“O *patrimonio das universidades* enténdese que abarca todo o patrimonio tanxible e intanxible relacionado coas institucións de educación superior, os órganos e sistemas, así como a comunidade académica de profesores e estudantes, e a contorna social e cultural da que este patrimonio é unha parte. O "*patrimonio das universidades*" enténdese como todos os rastros tanxibles e intanxibles da actividade humana en relación á educación superior. É unha fonte da riqueza acumulada en referencia directa á comunidade académica de profesores e estudantes, as súas crenzas, valores, éxitos e a súa función social e cultural, así como os modos de transmisión do coñecemento e a capacidade de innovación”.

Trátase dunha definición ampla que destaca a importancia e a necesidade de preservación dos valores inmateriais da Universidade como unha comunidade (a investigación, a transmisión de coñecemento, a función social e cultural, etc.), así como os valores da propia institución (a autonomía, a identidade, a liberdade, etc.) por diante dos elementos máis materiais (edificios, obxectos, etc.).

Coa intención de recoller esa riqueza patrimonial e establecer as normas básicas para a xestión da mesma, a proposta do Consello de Goberno, o Consello Social aproba na sesión celebrada o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016 este regulamento de patrimonio da Universidade de Vigo.

## TÍTULO PRELIMINAR DISPOSICIÓN XERAIS

### CAPÍTULO I

#### **Obxecto, ámbito de aplicación e normativa aplicable.**

##### *Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O presente regulamento ten por obxecto desenvolver o título VII “*Réxime económico e financeiro*” dos Estatutos da Universidade de Vigo, no referente a patrimonio e inventario.
2. Este regulamento será de aplicación á xestión dos bens e dereitos da Universidade de Vigo que constitúen o seu patrimonio.

A xestión das obrigas da Universidade de Vigo, como elementos integrantes do seu patrimonio ao abeiro do establecido no artigo 80.1 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, do 21 de decembro, efectuarase consonte as normas vixentes na materia.

##### *Artigo 2.- Normativa aplicable*

O réxime patrimonial universitario rexerase polo disposto na Lei Orgánica de Universidades, nos Estatutos da Universidade de Vigo e polo establecido no presente Regulamento.

No non previsto nesas normas será de aplicación, a lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a de carácter estatal en materia universitaria e patrimonial.

### CAPÍTULO II

#### **Bens e dereitos da Universidade de Vigo**

##### *Artigo 3.- Concepto de patrimonio*

1. O patrimonio da Universidade de Vigo está constituído polo conxunto de bens, materiais e inmateriais, e dereitos dos que sexa titular, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.
2. Forman parte do patrimonio intanxible da Universidade de Vigo os emblemas e distintivos da institución, dos seus campus e os das facultades e centros que a compoñen. Así mesmo, inclúense neste patrimonio aqueles outros elementos que formen parte da súa identidade gráfica e imaxe corporativa e que sexan rexistrados como Marcas Institucionais
3. Inclúense no seu patrimonio os dereitos de propiedade industrial e intelectual dos que sexa titular a Universidade de Vigo como consecuencia do desempeño polo seu persoal das funcións que lle son propias. A administración e xestión dos devanditos bens axustarase á normativa vixente.

4. No relativo á titularidade, administración e disposición dos bens, inventario e protección do patrimonio, estarase ao disposto nos estatutos da Universidade de Vigo, na lexislación autonómica ou estatal que resulte de aplicación, e no presente regulamento.

## Artigo 4.- *Composición do patrimonio*

Os bens e dereitos integrantes do patrimonio da Universidade de Vigo clasifícanse, segundo o réxime xurídico ao que están suxeitos, en demaniais ou de dominio público e patrimoniais ou de dominio privado.

## Artigo 5.- *Bens e dereitos de dominio público ou demaniais*

1. Son bens de dominio público baixo a titularidade da Universidade de Vigo os seguintes:
  - a) Os bens que se atopen afectos ao uso ou servizo público da educación superior, así como aos seus fins e funcións.
  - b) Todo ben que no futuro se lle destine para o cumprimento dos mesmos fins polo Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outro ente público capacitado para elo.
  - c) Calquera outro ben, á marxe de cal sexa a súa orixe, que fose afectado ao servizo da educación superior ou a investigación básica e aplicada prestado pola Universidade de Vigo.
2. Os bens afectos á Universidade de Vigo que integran o Patrimonio Histórico Español terán a titularidade que estableza a súa normativa reguladora.

## Artigo 6.- *Bens e dereitos de dominio privado ou patrimoniais*

Son bens de dominio privado os que pertencen á Universidade de Vigo e non estean destinados ao uso ou servizo público universitario, e entre eles:

1. Os dereitos de arrendamento e outros de carácter persoal.
2. As accións e participacións en sociedades de carácter público ou privado e nas fundacións públicas ou privadas nas que interveña a Universidade de Vigo ou nos seus organismos ou entidades.
3. Os dereitos de propiedade inmaterial (dereitos de propiedade industrial e propiedade intelectual dos que a Universidade de Vigo sexa titular como consecuencia do desempeño polo seu persoal das funcións que lle sexan propias).
4. Os rendementos, froitos ou rendas dos seus bens
5. Os dereitos de calquera natureza que se deriven da titularidade de bens e dereitos patrimoniais.

## Artigo 7.- *Exencións tributarias.*

1. Os bens afectos aos fins da Universidade, os actos que esta realice para o seu cumprimento e os seus rendementos gozarán de exención tributaria de acordo coa lei.
2. A Universidade de Vigo e as actividades de mecenado no seu favor gozarán dos beneficios fiscais que estableza a lexislación sobre entidades sen fins de lucro.

## TÍTULO I

### BENS E DEREITOS DE DOMINIO PÚBLICO OU DEMANIAIS

#### CAPÍTULO I:

##### **Características**

##### *Artigo 8.- Principios relativos aos bens e dereitos de dominio público*

A xestión e administración dos bens e dereitos demaniais pola Universidade de Vigo axustaranse aos seguintes principios:

1. Inalienabilidade, inembargabilidade e imprescritibilidade.
2. Adecuación e suficiencia dos bens para servir ao uso ou servizo público universitario.
3. Aplicación efectiva ao uso ou servizo público universitario, sen máis excepcións que as derivadas por razón de interese público debidamente xustificadas.
4. Identificación e control a través de inventarios ou rexistros adecuados.
5. Cooperación e colaboración entre as Administracións Públicas no exercicio das súas competencias sobre o dominio público.

##### *Artigo 9.- Inscrición nos Rexistros públicos.*

1. A inscrición nos rexistros públicos dos bens de dominio público e dos actos que sobre os mesmos se diten axustarase ás normas aplicables sobre a materia.
2. As certificacións que sexa necesario expedir en materia patrimonial serán realizadas pola Secretaría Xeral co visto bo da Xerencia, agás aquelas que sexan necesarias a efectos rexistráis ou hipotecarios que levarán o visto e prace do reitor.

#### CAPÍTULO II

##### **Afectación e desafectación**

##### *Artigo 10.- Afectación de bens e dereitos*

1. A afectación é o acto polo cal un ben ou dereito pertencente á Universidade de Vigo é destinado a un uso ou servizo público determinado, coa súa conseguinte integración nos bens de dominio público.
2. A afectación poderá referirse a bens ou dereitos que xa pertenzan á Universidade de Vigo, ou poderá levar consigo ao mesmo tempo unha asunción de titularidade que esta antes non tiña. Esta asunción simultánea de titularidade e afectación terá lugar nos supostos que así se estableza.
3. A afectación producirase de conformidade coa lexislación vixente. En especial:
  - a) Produce os mesmos efectos que a afectación expresa os feito e actos seguintes: A de bens e dereitos a título oneroso sen exercicio da potestade expropiatoria para o cumprimento dun fin de uso xeral ou de servizo público de competencia da Universidade de Vigo.

- b) Os bens que se adquiran como patrimoniais necesitarán ser afectados a un uso ou servizo público para que teñan a condición de bens de dominio público. Esta afectación poderá ser simultánea á adquisición.
  - c) No caso de expropiación forzosa, no que a Universidade resulte beneficiaria, a afectación enténdese implícita na declaración de utilidade pública ou interese social.
4. O acto de afectación producirá nos rexistros públicos os efectos previstos na lexislación da Comunidade Autónoma e do Estado, e farase constar no inventario xeral de bens e dereitos da Universidade de Vigo.

## Artigo 11.- *Desafectación de bens e dereitos*

1. A desafectación terá lugar cando un ben de dominio público deixe de estar destinado a un uso ou servizo público determinado, pasando a ser de dominio privado. Non se poderán efectuar actos de disposición sobre bens demaniais sen a súa desafectación previa.
2. Correspóndelle ao Consello Social, previa proposta do Consello de Goberno, acordar a desafectación dos bens de dominio público.
3. Os acordos de desafectación dos bens de dominio público serán executados pola Xerencia.

## Artigo 12.- *Mutacións demaniais*

1. A mutación demanial é o acto en virtude do cal se efectúa o cambio de destino dun ben ou dereito de dominio público da Universidade de Vigo, sen modificación da súa natureza xurídica.
2. As mutacións demaniais se efectuarán por resolución reitoral, previa instrución de expediente xustificativo.

## CAPÍTULO III

### **Utilización e aproveitamento de bens demaniais**

#### Artigo 13. *Uso privativo dos bens de dominio público da Universidade de Vigo.*

1. O aproveitamento especial dos bens de dominio público, así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectuase unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles, estarán suxeitos a autorización salvo que a duración do aproveitamento ou uso exceda de catro anos, nese caso requirirase a previa concesión.
2. O uso privativo dos bens de dominio público que determine a súa ocupación con obras ou instalacións fixas deberá estar amparado pola correspondente concesión administrativa.
3. O uso das instalacións universitarias para actividades académicas como a organización de congresos, seminarios, conferencias, xornadas, presentacións, etc., así como a súa ocupación con bens mobles ou instalacións desmontables, serán obxecto de autorización por parte da Xerencia, e estarán regulados pola Normativa de cesión de uso de espazos universitarios.

Na resolución de autorización estableceranse as condicións de uso do inmovible, establecendo o necesario para que a mesma non interfira o seu uso académico ou administrativo, así como a contraprestación a satisfacer, no seu caso, polo solicitante.



4. Noutros casos, a ocupación por terceiros de espazos nos edificios da Universidade poderá admitirse, con carácter excepcional, cando se efectúe para dar soporte a servizos dirixidos á comunidade universitaria ou á explotación marxinal de espazos que non sexan necesarios, ou en momentos nos que non sexan precisos para a actividade universitaria. Esta ocupación non poderá entorpecer nin menoscabar a utilización do inmovible polos órganos ou unidades aloxados nel e haberá de estar amparada pola correspondente autorización, concesión ou contrato administrativo, segundo as características de uso, para cuxa determinación estarase ao disposto na lexislación patrimonial xeral ou á de contratos das Administracións Públicas.

5. Non será necesario obter estas autorizacións especiais ou concesións con carácter autónomo cando un contrato administrativo habilite para a ocupación do dominio público. Estas autorizacións e concesións estarán vinculadas ao devandito contrato a efectos de outorgamento, duración e vixencia e transmisibilidade.

6. O/a Xerente ditará as instrucións precisas en canto á cesión temporal de espazos, condicións de uso e contraprestacións a satisfacer. En caso de prestacións de carácter pecuniario, as tarifas deberán ser aprobadas polos órganos legalmente previstos.

7. Para a ocupación ou uso temporal dos bens do patrimonio histórico-artístico estarase ao disposto na lexislación vixente.

#### Artigo 14. *Autorizacións demaniais.*

1. As autorizacións outorgaranse directamente aos peticionarios que reúnan as condicións requiridas, salvo que houbera máis peticionarios que número posible de autorizacións. Neste caso serán outorgadas en réxime de concorrencia ou, si iso non fora procedente por non ter que valorarse condicións especiais nos solicitantes, mediante sorteo; agás que as condicións polas que se rexen establezan outra cousa.

2. Non serán transmisibles as autorizacións para cuxo outorgamento deban terse en conta circunstancias persoais do autorizado ou cuxo número estivera limitado, salvo que as condicións polas que se rexen admitan a súa transmisión.

3. As autorizacións haberán de outorgarse por tempo determinado. O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, será de catro anos.

4. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaban o uso xeral.

5. As autorizacións poderán ser gratuítas, outorgarse con prestación ou con condicións. A Xerencia, excepcionalmente e en atención ao interese institucional poderá eximir parcial ou totalmente do pago dos prezos establecidos, en atención ás peculiaridades que concorran na persoa solicitante e a condición de que a actividade a desenvolver careza de ánimo de lucro. Nestes casos, farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou nas cláusulas da autorización.

No caso de que se aplique calquera exención, a Universidade de Vigo poderá esixir a inclusión do seu emblema ou escudo como colaboradora na financiación da actividade de que se trate, en toda a documentación e na publicidade que para ese efecto se programe.

6. As exencións non serán acumulativas en ningún caso e aplicáense soamente sobre o prezo de cesión do espazo ou equipo, nunca sobre o correspondente á prestación dos servizos adicionais.

7. Ao solicitante de autorizacións de uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público, calquera que sexa o réxime económico que lles resulte de aplicación, poderá esixírselle garantía, na forma que se estime máis adecuada, do uso do ben e do seu reposición ou reparación, ou indemnización de danos, en caso de alteración.

## Artigo 15. *Procedemento de autorización demanial.*

1. As autorizacións outorgaranse mediante resolución da Xerencia, previa instrución do correspondente expediente patrimonial, sen prexuízo do establecido no art. 13.3.

2. Sen prexuízo dos demais extremos que poidan incluír as condicións xerais ou particulares, o acordo de autorización de uso de bens e dereitos demaniais incluírá, polo menos:

a) O réxime de uso do ben ou dereito.

b) O réxime económico a que queda suxeita a autorización.

c) A garantía a prestar, no seu caso.

d) A asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e de entregalo no estado en que se recibe.

e) O compromiso de previa obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.

f) A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, con mención, no seu caso, da obrigatoriedade de formalizar a oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía suficiente.

g) A aceptación da revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos que legal ou convencionalmente proceda.

h) A reserva por parte da Universidade de Vigo a da facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización, para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da autorización.

i) O prazo e réxime de prórroga e subrogación que, en todo caso, requirirá a previa autorización.

j) As causas de extinción.

## Artigo 16. *Concesións demaniais*

1. As concesións outorgaranse mediante resolución da xerencia, previa instrución do correspondente expediente patrimonial que se rexerá pola normativa de aplicación.

2. O outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia. Porén, poderá acordarse o outorgamento directo nos supostos establecidos na lexislación patrimonial xeral, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis.

3. En ningún caso poderán ser titulares de concesións sobre bens e dereitos demaniais as persoas en quen conorra algunha das prohibicións de contratar reguladas na lexislación de Contratos das Administracións Públicas. Cando, posteriormente ao outorgamento da concesión, o titular incorra nalgunha das prohibicións de contratación, producirase a extinción da concesión.

4. Calquera que sexa o procedemento seguido para a adxudicación, unha vez outorgada a concesión deberá procederse á súa formalización en documento administrativo. Este documento será título suficiente para inscribir a concesión no Rexistro da Propiedade.

5. As concesións outorgaranse por tempo determinado. O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder do prazo máximo establecido pola lexislación patrimonial xeral ou nas normas especiais que sexan de aplicación.

6. As concesións de uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público poderán ser gratuítas, ou outorgarse con contraprestación ou condición. Non estarán suxeitas a contraprestación pecuniaria cando a concesión non leve aparellada unha utilidade económica para a persoa autorizada ou, aínda existindo dita utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela. Nestes casos, farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou clausulado da concesión.

## Artigo 17. *Extinción das autorizacións e concesións demaniais*

As concesións e autorizacións demaniais extinguíranse polas seguintes causas:

- a) Morte ou incapacidade sobrevida do titular da autorización ou concesionario individual, ou extinción da personalidade xurídica.
- b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou concesionario.
- c) Caducidade por vencemento do prazo.
- d) Rescate da concesión, logo da indemnización ou revogación unilateral da autorización.
- e) Renuncia do titular.
- f) Falta de pagamento da taxa ou calquera outro incumprimento grave das obrigas do titular, declarado polo órgano que outorgou a autorización ou concesión.
- g) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- h) Desafectación do ben, caso no que se procederá á liquidación da autorización ou concesión consonte o previsto nesta normativa.
- i) Mutuo acordo.
- k) Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rexan.

## TÍTULO II

### BENS E DEREITOS DE DOMINIO PRIVADO OU PATRIMONIAIS

#### CAPÍTULO I

#### **Disposicións xerais**

#### Artigo 18.- *Principios relativos aos bens e dereitos de dominio privado*

A xestión e administración dos bens e dereitos patrimoniais pola Universidade de Vigo axustarase aos seguintes principios:

1. Mentres teñan este carácter, son alienables, prescritibles e inembargables.
2. Eficiencia e economía na súa xestión.
3. Eficacia e rendibilidade na explotación destes bens e dereitos.
4. Publicidade, transparencia, concorrencia e obxectividade na adquisición, explotación e alleamento destes bens.

5. Identificación e control a través de inventarios ou rexistros adecuados.
6. Colaboración e coordinación entre as diferentes Administracións para optimizar a utilización e rendemento dos bens

## Artigo 19.- *Inscripción en rexistros públicos*

1. A inscrición nos rexistros públicos dos bens de dominio privado e dos actos que se ditén sobre os mesmos deberá axustarse ás normas autonómicas ou estatais sobre a materia.
2. A Xerencia promoverá que se efectúen as inscricións e anotacións rexistradas que sexan obrigatorias e aquelas outras que favorezan os intereses xerais da Universidade de Vigo.
3. As certificacións que sexa necesario expedir en materia patrimonial serán realizadas pola Secretaría Xeral co visto bo da Xerencia, agás aquelas que sexan necesarias a efectos rexistrados ou hipotecarios que levarán o visto e prace do reitor.

## Artigo 20.- *Actos de disposición dos bens patrimoniais*

1. Á proposta do Consello de Goberno, corresponderalle ao Consello Social aprobar, con carácter previo á súa celebración, os actos de disposición por calquera título sobre bens inmobles e mobles de extraordinario valor da Universidade de Vigo, entendendo como tales os que teñan un valor, segundo taxación, que exceda do 2 por cento do orzamento anual da Universidade de Vigo.
2. Os actos de disposición por calquera título sobre o resto de bens patrimoniais non incluídos no apartado anterior corresponderanlle á Xerencia.
3. O acordo de disposición recollerá a correspondente baixa no inventario da Universidade e adoptarase previo expediente administrativo.
4. Os materiais de refugallo, así como os bens mobles que foran plenamente amortizados ou que quedaran obsoletos, poderán ser transmitidos por resolución da Xerencia, de conformidade cos procedementos establecidos pola normativa vixente. Non obstante, mediante convenio de colaboración aprobado polo Reitor o Reitora, e do que será informado o Consello Social, a Universidade de Vigo poderá doar estes bens a institucións sen fins de lucro.

## CAPÍTULO II

### **Adquisición de bens patrimoniais**

#### Artigo 21.- *Formas de adquisición*

1. A Universidade de Vigo ten plena capacidade xurídica para adquirir bens e dereitos por calquera dos medios establecidos no ordenamento xurídico, así como para exercer as accións e recursos que procedan na defensa e tutela do seu patrimonio.
2. A Universidade de Vigo poderá adquirir bens e dereitos a través de calquera das seguintes modalidades:
  - a) Mediante negocio xurídico a título oneroso ou lucrativo

- b) Mediante expropiación, cando sexa a beneficiaria dos devanditos bens, nas formas previstas na lexislación específica.
  - c) Por prescrición, de acordo co establecido no Código Civil e nas leis especiais.
  - d) Por ocupación, de acordo co establecido no Código Civil e nas leis especiais.
  - e) Mediante o traspaso da titularidade desde o Estado ou a Comunidade Autónoma, e outros entes públicos, na forma regulada ao efecto.
3. Deberá comunicarse á Xerencia toda adquisición da que deba tomarse razón no inventario xeral de bens e dereitos.

## *Sección 1ª.- Adquisición de bens inmobles patrimoniais*

### *Artigo 22.- Adquisición a título oneroso*

1. A adquisición de bens inmobles a título oneroso instrumentarase a través do correspondente expediente que respectará os principios de igualdade, publicidade e concorrencia, agás nos seguintes supostos, nos que se poderá acudir á adquisición directa sen publicidade:
- a) Peculiaridades ou singularidades do ben, que se xustificarán expresamente no expediente de adquisición. En todo caso, serán considerados como singulares os bens catalogados de interese histórico-patrimonial.
  - b) Cando o vendedor sexa outra Administración Pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
  - c) Cando fora declarado deserto o procedemento promovido con publicidade para a adquisición, e sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo e a superficie, que poderán alterarse nun 10%.
  - d) Cando a adquisición se efectúe en virtude do exercicio dun dereito de adquisición preferente.
  - e) Cando a adquisición se efectúe no estranxeiro.
  - f) Cando o valor de taxación do ben sexa inferior a 50.000 euros.
- Nos casos de adquisición previstos nas alíneas b) e f) recadarase un mínimo de tres ofertas sempre que as circunstancias o permitan.
2. Os gastos derivados da adquisición serán satisfeitos polas partes consonte a normativa vixente.
3. As adquisicións de bens e dereitos a título oneroso mediante procedementos que garantan o respecto dos principios de igualdade, publicidade e concorrencia requirirán que o inmovble transmitido se atope correcta e previamente inscrito no rexistro da propiedade. No caso de adquisición directa de inmobles, requirirase que estes sexan susceptibles de inscrición no rexistro da propiedade, establecéndose como condición resolutoria do negocio xurídico a imposibilidade de inscrición a nome da Universidade de Vigo.

### *Artigo 23.- Adquisición a título lucrativo*

1. A adquisición de bens inmobles por herdanza, legado ou doazón a favor da Universidade de Vigo deberá ser aceptada mediante a aprobación do Consello Social, a proposta do Consello de Goberno.
2. A aceptación das herdanzas entenderase feita sempre a beneficio de inventario.

3. En todo caso, a Universidade de Vigo só pode aceptar as herdanzas, os legados ou as doazóns que supoñan gastos ou estean sometidos a algunha condición ou modo onerosos se o valor do gravame imposto non excede o valor do que se adquire, segundo taxación pericial. Non se considerarán condicións ou modos onerosos os investimentos que se teñan que afrontar para dar ao ben o destino de servizo público universitario que fixe o cedente ou doador.
4. Se se adquiren os bens ou dereitos baixo condición ou modo da súa afectación permanente a determinados destinos, entenderase cumprida e consumada se durante trinta anos serviron a tales destinos, aínda que logo deixen de estalo por circunstancias sobrevidas de interese público.

## Artigo 24.- *Adquisición por expropiación forzosa promovida por outros entes públicos*

A adquisición por expropiación forzosa promovida por outros entes públicos, na que a beneficiaria sexa a Universidade de Vigo, axustarase ao previsto na súa normativa específica e levará implícita a afectación dos bens aos fins que tivese determinado a súa declaración pública ou interese social.

### *Sección 2ª.- Adquisición de bens mobles patrimoniais*

## Artigo 25.- *Adquisición de bens mobles patrimoniais*

1. As adquisicións a título oneroso de bens mobles patrimoniais rexerese pola lexislación de contratos das Administracións Públicas.
2. A adquisición de bens mobles por herdanza, legado ou doazón a favor da Universidade de Vigo deberá ser aceptada pola Xerencia, e comunicadas ao Consello Social aos efectos oportunos. No caso de bens mobles de extraordinario valor, a aceptación deberá ser realizada polo Consello Social.
2. En todo caso, o órgano competente poderá acordar a adquisición centralizada para determinados bens.

## CAPÍTULO III

### **Arrendamentos de bens inmobles patrimoniais**

## Artigo 26.- *Arrendamentos de bens inmobles*

1. Os arrendamentos de bens inmobles que precise a Universidade de Vigo para o cumprimento dos seus fins, así como a prórroga, renovación ou resolución anticipada dos correspondentes contratos efectuarase pola Xerencia, que informará ao Consello Social.
2. Os arrendamentos de bens inmobles concertaranse mediante procedementos que garantan o respecto dos principios de igualdade, publicidade e concorrencia, agás nos seguintes supostos, nos que se poderán concertar de modo directo:
  - a) Peculiaridades ou singularidades do ben, que se xustificarán expresamente no expediente.
  - b) Urxencia da contratación resultante de acontecementos imprevisibles.
  - c) Cando o arrendador sexa outra Administración Pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
  - d) Cando o inmueble se sitúe no estranxeiro.

e) Cando a renda mensual do arrendamento non sexa superior a 2.000 euros e a súa duración non exceda un ano.

Cando se contrate un arrendamento dun inmovible de conformidade coas alíneas c), d) e e), solicitarase, de ser posible, un mínimo de tres ofertas.

3. Cando se concerte o arrendamento do inmovible directamente por razón da contía, a tramitación do expediente só requirirá a aprobación do gasto e a incorporación do correspondente contrato. O devandito arrendamento non poderá ser obxecto de prórroga nin poderá concertarse directamente outro contrato con outro inmovible para a mesma finalidade pretendida orixinariamente.
4. Os arrendamentos non poderán incluír cláusulas indemnizatorias derivadas da finalización do contrato, con excepción dos supostos de resolución anticipada. Ademais, os contratos pactados cunha duración superior aos cinco anos deberán incluír cláusulas que permitan a súa resolución anticipada, sen necesidade do aboamento total da renda pactada.
5. Nas contratacións de arrendamentos de bens inmoebles poderán adquirirse compromisos de gastos para exercicios posteriores aínda que a execución do contrato non se inicie no exercicio corrente, mediante a tramitación anticipada prevista na lexislación de contratos do sector público.

## CAPÍTULO IV

### **Explotación de bens e dereitos patrimoniais**

#### *Artigo 27.- Formas de explotación dos bens e dereitos patrimoniais*

1. A explotación dos bens e dereitos patrimoniais da Universidade de Vigo cuxo alleamento non sexa previsible e sexan susceptibles de aproveitamento rendible será acordada pola Xerencia.
2. A Universidade de Vigo pode efectuar directamente a explotación dos bens ou dereitos patrimoniais ou a través de calquera negocio xurídico, típico ou atípico.
3. A atribución do uso de bens ou dereitos patrimoniais para a organización de conferencias, seminarios, presentacións ou outros actos non se suxeitará aos requisitos deste capítulo. A Xerencia fixará no acto de autorización tanto as condicións da utilización como a contraprestación que deberá, se é o caso, satisfacer o solicitante.

#### *Artigo 28.- Contratos de explotación de bens ou dereitos patrimoniais.*

1. Os contratos para a explotación dos bens e dereitos patrimoniais adxudicaranse por procedementos que garantan o respecto dos principios de igualdade, publicidade e concorrencia, agás que, polas peculiaridades do ben, a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación, proceda a adxudicación directa. As circunstancias determinantes da adxudicación directa deberán xustificarse suficientemente no expediente.
2. Os contratos para a explotación dos bens ou dereitos patrimoniais non poden ter unha duración superior a vinte anos, incluídas as prórrogas. Por petición do adxudicatario pódese prorrogar o contrato por un prazo que non exceda a metade do inicial, se o resultado da explotación fíxese aconsellable esta medida.

3. A subrogación dun terceiro nos dereitos e obrigas do adxudicatario require a autorización expresa do órgano competente para adxudicar o contrato. O suxeito que se subroga debe reunir os mesmos requisitos que se lle esixiron para contratar ao adxudicatario. Exceptúanse da aplicación destas normas os supostos de subrogación forzosa legalmente previstos.
4. Pódense concertar contratos de arrendamento con opción de compra sobre inmobles do patrimonio da Universidade de Vigo con suxeición ás mesmas normas de competencia e procedemento aplicables aos alleamentos.

## Artigo 29.- *Administración e explotación das marcas institucionais da Universidade de Vigo*

1. Os emblemas e distintivos (escudo e selo) da universidade forman parte do seu patrimonio inmaterial e só poderán ser utilizados por outros co correspondente autorización, establecida a través do correspondente convenio.
2. Son marcas institucionais aqueles dereitos de propiedade inmaterial de titularidade universitaria que integran elementos básicos da súa identidade corporativa e que estean inscritos na Oficina Española de Patentes e Marcas, na Oficina de Harmonización do Mercado Interior ou en calquera outro rexistro público internacional.

A definición e o alcance do concepto “marca” serán os regulados na lexislación vixente nesa materia.

3. A Universidade de Vigo poderá empregar as marcas rexistradas ao seu nome, como parte da súa identidade gráfica e imaxe corporativa, en cantos medios considere necesarios. Así mesmo, velará por que nos documentos ou medios oficiais e institucionais só se empreguen marcas que teñan sido rexistradas a favor da Universidade.
4. A explotación das marcas institucionais pode efectuarse directamente pola Universidade de Vigo ou a través de calquera negocio xurídico, típico ou atípico.
5. Os contratos para a explotación comercial das marcas institucionais por terceiros adxudicaránse por concurso que garanta o respecto dos principios contemplados no anterior artigo, agás cando concorran as circunstancias previstas para proceder á adxudicación directa. Ditos contratos poderán conceder ou non a exclusividade da explotación e instrumentaranse a través dun expediente de contratación patrimonial instruído pola Xerencia. As bases do correspondente concurso ou as condicións desa explotación someteranse ao previo informe da unidade ou órgano competente por razón da materia.
6. A orde xurisdiccional civil será competente para resolver as controversias que xurdan sobre os contratos patrimoniais mencionados no anterior apartado. Non obstante, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa súa preparación e adxudicación e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdiccional contencioso- administrativa de acordo coa súa normativa reguladora.

## CAPÍTULO V

### **Alleamento de bens patrimoniais**

#### *Sección 1ª.- Alleamento de bens inmobles ou dereitos reais*

#### Artigo 30.- *Depuración previa da situación física e xurídica.*

O alleamento de bens inmobles patrimoniais irá precedida pola depuración da situación física e xurídica dos mesmos, se resultase necesaria.



Entenderase por depuración da situación física a práctica do deslinde, recuperación de oficio ou acción xudicial necesaria para clarificar a situación do inmovible. E por depuración da situación xurídica, a inscrición no rexistro da propiedade se non o estivese.

## Artigo 31.- *Formas de alleamento*

1. O alleamento dos bens inmovibles ou dereitos reais pódese realizar mediante poxa pública, por concurso ou por adxudicación directa.

O alleamento realizarase por bens individualizados ou mediante lotes.

2. A forma ordinaria de alleamento de bens inmovibles ou dereitos reais é a poxa pública. Pódese acordar o alleamento por concurso cando os devanditos bens inmovibles ou dereitos reais, pola súa situación, natureza ou características, sexan adecuados para atender as directrices derivadas das políticas e estratexias universitarias.

## Artigo 32.- *Procedemento*

1. O procedemento de alleamento de bens inmovibles ou dereitos reais iniciarao sempre de oficio a Xerencia previa declaración de alienabilidade, xustificándose debidamente no expediente que o ben ou dereito non é necesario para o servizo público universitario nin resulta conveniente a súa explotación. Dito alleamento deberá ser aprobado polo Consello de Goberno, coa autorización do Consello Social.

2. A poxa realizarase á alza, podendo ser en acto público ou con presentación de ofertas en sobre pechado e apertura en acto público; poderase acudir igualmente a sistemas de poxa electrónica.

O tipo da poxa será fixado pola Xerencia de acordo coa taxación aprobada.

No caso de que a adxudicación resulte falida por non se poder formalizar o contrato por causa imputable ao adxudicatario, o alleamento poderase realizar a favor do licitador que presente a seguinte oferta máis vantaxosa.

3. Pódese acordar o alleamento de bens inmovibles ou dereitos reais por adxudicación directa nos seguintes supostos:

- a) Cando o adquirente sexa outra Administración Pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.

- b) Cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública ou interese social.

- c) Cando sexa declarada deserta a poxa promovida para o alleamento ou esta resulte falida como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano dende a súa celebración. Neste caso, as condicións do alleamento non poden ser inferiores ás anunciadas previamente ou a aquelas nas que se producise a adxudicación.

- d) Cando se trate de terreos que pola súa forma ou pequena extensión resulten inedificables, predios rústicos que non cheguen a constituír unha superficie economicamente explotable ou non sexan susceptibles de prestar unha utilidade acorde coa súa natureza, e a venda se efectúe a un propietario estremeiro.

Cando concorran varios interesados con igual dereito, resolverase a favor do mellor ofertante, sen prexuízo do posterior dereito de retracto regulado no Código Civil.

- e) Cando a venda se efectúe a favor de quen posúa un dereito de adquisición preferente recoñecido por disposición legal.

- f) Cando por razóns excepcionais se considere conveniente efectuar a venda a favor do ocupante do inmovible.

- g) Cando o valor de taxación do ben non exceda os 6.000 euros e se incorporen tres ofertas ao procedemento sempre que sexa posible.

## *Sección 2ª.- Alleamento de bens mobles patrimoniais*

### *Artigo 33.- Alleamento de bens mobles patrimoniais*

1. A competencia para allear os bens mobles da Universidade de Vigo correspóndelle, previa tramitación do expediente, correspóndelle á Xerencia, agás no suposto establecido no artigo 17 do presente regulamento.
2. A resolución de alleamento implica a desafectación dos bens.
3. O alleamento de bens mobles terá lugar ordinariamente mediante poxa pública á alza ou á baixa, sen prexuízo do disposto na lexislación de patrimonio e na de contratos do sector público para os supostos de pagamento en especie.

O alleamento realizarase por bens individualizados ou mediante lotes.

4. Malia o anterior, o alleamento pode efectuarse de forma directa cando se dean os supostos previstos para a venda directa de bens inmobles, nos casos que sexan aplicables.
5. As normas reguladoras das poxas de bens inmobles serán aplicables con carácter supletorio.

## *Sección 3ª.- Permuta e cesión de bens e dereitos*

### *Artigo 34.- Permuta de bens e dereitos*

1. Os bens e dereitos do patrimonio poden ser permutados cando por razóns debidamente xustificadas no expediente resulte conveniente para o interese universitario e a diferenza de valor entre os bens ou dereitos que se trate de permutar, segundo taxación, non sexa superior ao 50% dos que o teñan maior. Se a diferenza fose maior, o expediente tramitarase como adquisición ou alleamento segundo o caso, con pagamento de parte do prezo en especie.
2. A permuta pode ter por obxecto bens futuros sempre que sexan determinables.
3. As normas reguladoras do alleamento serán aplicables á permuta de bens e dereitos.
4. O órgano competente para a permuta pode instar á presentación de ofertas de inmobles ou dereitos para permutar, mediante un acto de invitación ao público ao que se lle dará difusión a través do medio que se considere adecuado.

No caso de presentación de ofertas a través do procedemento previsto neste punto, a selección do adxudicatario realizarase de acordo co establecido no prego de condicións previamente elaborado.

5. A diferenza de valor entre os bens que se vaian permutar pode ser aboada en metálico ou mediante a entrega doutros bens ou dereitos de natureza distinta.

### *Artigo 35.- Cesión gratuíta de bens mobles patrimoniais*

1. Os bens mobles patrimoniais poden ser cedidos gratuitamente para o desenvolvemento de fins de utilidade pública ou interese social a outras Administracións Públicas, fundacións públicas e entidades sen ánimo de lucro, sempre que a súa afectación ou explotación non se xulgue previsible.

2. A cesión pode ter por obxecto a propiedade do ben, o seu usufruto ou só o seu uso. En todos os casos, a cesión comporta para o cesionario a obriga de destinar os bens ao fin expresado no correspondente acordo.

Os bens obxecto da cesión só se poden destinar aos fins que a xustifican, e na forma e coas condicións que se establezan no correspondente acordo.

3. O acordo de cesión expresará o fin ou fins concretos aos que o cesionario debe destinar o ben obxecto de cesión, así como as condicións ás que se someta.

O acordo de cesión de bens mobles leva implícita a desafectación dos bens.

4. A cesión de bens mobles e dereitos da Universidade de Vigo, corresponderá á persoa titular da Xerencia.

5. A Universidade de Vigo verificará a aplicación dos bens ao fin para o que foron cedidos, podendo adoptar para isto cantas medidas sexan necesarias.

Cando os mobles cedidos fosen destinados ao fin previsto durante un prazo de catro anos, entenderase cumprido o modo, agás que outra cousa estea establecida no pertinente acordo.

6. Se os bens cedidos non se aplican ao fin sinalado dentro do prazo inicialmente fixado no acordo ou deixan de estalo con posterioridade, se se descoidan ou utilizan con grave quebrantamento ou se incumpren as condicións do acordo, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán á Universidade de Vigo.

7. Serán por conta do cesionario o detrimento ou a deterioración sufridos polos bens cedidos, sen que sexan indemnizables os gastos nos que incorra para cumprir as cargas ou condicións impostas.

- 8.-Na resolución que declare a extinción da cesión determinarase, se é o caso, a indemnización polas deterioracións que sufrisen os bens, logo da determinación da súa contía mediante taxación pericial.

- 9- A resolución de cesión será declarada polo órgano competente para o seu outorgamento.

## TÍTULO III

### PROTECCIÓN E DEFENSA DO PATRIMONIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

#### CAPÍTULO I

#### **Obriga de protexer e defender o patrimonio**

##### *Artigo 36. Obriga de protección e defensa*

A Universidade de Vigo está obrigada a protexer e defender o seu patrimonio material e inmaterial por calquera dos medios previstos pola lexislación vixente e, en particular, investigando e inventariando os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, promovendo as anotacións e inscricións rexistradas que procedan, exercendo as potestades administrativas orientadas á súa defensa e interpoñendo as accións administrativas e xudiciais que sexan pertinentes

## Artigo 37. *Responsabilidade sobre os bens.*

1. Toda persoa física ou xurídica, pública ou privada que teña ao seu cargo bens ou dereitos do patrimonio da Universidade de Vigo estará obrigada a velar pola súa custodia, conservación e defensa e, se é o caso, pola súa adecuada utilización e cumprimento dos fins para os que foron destinados, e será responsable dos danos, prexuízos e incumprimentos sobrevidos, pola súa perda, deterioración ou inadecuado uso ou destino.
2. Os funcionarios e persoal en xeral da Universidade de Vigo deberán colaborar cos órganos competentes en materia de patrimonio, facilitando o proceso de identificación e inventariado dos bens e dereitos e poñendo en coñecemento os feitos que poidan ser lesivos para a integridade física ou xurídica destes bens e dereitos para lograr unha axeitada protección e defensa do patrimonio.

## Artigo 38. *Defensa do patrimonio*

Para a defensa do seu patrimonio, a Universidade de Vigo conta coas seguintes prerrogativas:

1. Inspeccionar o seu patrimonio e investigar a situación dos bens e dereitos que presumiblemente formen parte del, co fin de determinar a súa titularidade, de non lles constar de modo certo.
2. Deslindar en vía administrativa os bens inmoables dos seus patrimonios doutros pertencentes a terceiros, cando os límites entre eles sexan imprecisos.
3. Recuperar de oficio a posesión indebidamente perdida dos bens e dereitos do seu patrimonio.
4. Desafiuzar en vía administrativa aos posuidores de bens demaniais cando decaian ou desaparezan o título, as condicións ou as circunstancias que lexitimaban a súa ocupación por terceiros.

## Artigo 39. *Exercicio das prerrogativas para a defensa.*

1. As prerrogativas descritas no artigo anterior serán exercitadas previa instrución do correspondente expediente administrativo, que se desenvolverá conforme ás normas de procedemento establecidas a este respecto pola Comunidade Autónoma de Galicia; serán ademais de aplicación, en todo caso, as disposicións que dite o Estado en virtude do disposto polo artigo 149.1 da Constitución Española.
2. A Xerencia, ou órgano no que se deleguen as competencias en materia de patrimonio, é o órgano competente para ordenar o inicio destes procedementos e a súa resolución.
3. O coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión do exercicio destas prerrogativas corresponderá aos órganos da devandito orde xudicial. Os actos administrativos ditados no exercicio destas prerrogativas que afecten a titularidades e dereitos de carácter civil só poderán ser impugnados ante a xurisdición contencioso-administrativa pola infracción das normas de competencia e procedemento, previo esgotamento da vía administrativa.

## Artigo 40. *Embargos e execucións contra o patrimonio da Universidade.*

1. Ningún tribunal, xuíz ou autoridade administrativa poderá ditar providencia de embargo, nin despachar mandamento de execución contra os bens da Universidade, nin contra as rendas, froitos ou produtos do mesmo, debendo estarse ao disposto na normativa pola que se rexa a Comunidade Autónoma de Galicia e, con carácter supletorio, o Estado.

2. Non poden imponse cargarse ou gravames sobre os bens ou dereitos do patrimonio da Universidade senón cos requisitos esixidos para o seu alleamento.
3. Tampouco poden realizarse transaccións, nin someterse a arbitraje as contendas que se susciten sobre os mesmos, salvo por resolución do Reitor ou Reitora, debendo informar da mesma ao Consello Social.

#### *Artigo 41. Aseguramento.*

1. Os bens e dereitos do patrimonio da Universidade de Vigo estarán cubertos por póliza de aseguramento cando veña establecido legalmente, así como cando se considere conveniente polo seu valor histórico-artístico, económico ou doutra índole.
2. Os concesionarios, cesionarios, usufrutuarios e titulares en xeral de dereitos de uso ou aproveitamento sobre os bens ou dereitos do patrimonio da Universidade de Vigo poderán ser obrigados a asegurar estes bens e dereitos de acordo co que se estableza no correspondente título habilitante.

#### *Disposición adicional.*

Corresponde á Xerencia, ou órgano en quen delegara as competencias en materia de patrimonio, ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento, interpretación e cumprimento do disposto no presente Regulamento, así como a aprobación dos correspondentes procedementos e soportes documentais.

#### *Disposición final.*

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Social da Universidade de Vigo